

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE MAIO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

Por Resolución Reitoral do 17 de abril de 2026 publicouse a relación provisional de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga.

Transcorrido o prazo establecido para presentar reclamacións, esta Reitoría,

### RESOLVE

**Primeiro.-** Aprobar a publicación da relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite e excluídas na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga, que figura no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor



## Anexo I

### RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

Nº	SOLICITANTE	PROXECTO
1	De la Torre Ramos, Laura	FortranAnalyser - desenvolvemento e promoción
2	Dos Santos Fernandes, Helena Raquel	Caracterización e avaliación do potencial do mercado dun biofilm de insectos derivado de quitosano obtido mediante tecnoloxías de baixo impacto ambiental
3	Fernández Nóvoa, Diego	Ferramenta de predición de riscos agroclimáticos para a optimización da produción agrícola: validación e transferencia
4	Ferreira Santos, Pedro Miguel	Desenvolvemento e validación de fariña funcional a partir de bagazo de uva tinta do Ribeiro para aplicación en produtos de panadaría
5	Pérez Gregorio, María Rosa	Compostos fenólicos na sensibilidade ó glute non celíaca: da evidencia á transferencia-CELIPREV
6	Rúa Rodríguez, María Luisa	Produción a escala de xilano e probióticos de macroalgas para aplicacións alimentarias. "XILNOVA"
7	Torrado Agrasar, Ana María	Validación regulatoria dun ingrediente alimentario rico en XOS de palla de trigo

### RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

Nº	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA
1	Comendador Rey, Beatriz Pilar	Cociñar a diversidade: validación e transferencia dun modelo didáctico baseado na antropoloxía da alimentación para a educación intercultural e a análise dos sistemas alimentarios	C.1
2	Domínguez López, Ángel	"O val do Salas e a fonte do Baño (Baltar, Ourense): valorización e xestión dos recursos patrimoniais, termais e turísticos"	C.1

#### Causas:

C.1. Exclusión do investigador principal por non estar vencellado/a a un grupo de investigación que forme parte do Campus Auga. (artigo 3).

